

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE (SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE) E A ASOCIACIÓN DE MULLERES CON DISCAPACIDADE DE GALICIA (ACADAR), PARA O MANTENIMENTO DO SERVIZO DEDALEIRA, ESPECIALIZADO EN INFORMACIÓN E ASESORAMENTO AFECTIVO-SEXUAL PARA AS MULLERES CON DISCAPACIDADE E A SÚA CONTORNA**

Santiago de Compostela,

**REUNIDOS**

Dunha banda,

M<sup>a</sup> Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Emprego e Igualdade, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

E doutra

A Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR) G70223417, representada por Dna. Mónica Álvarez San Primitivo, que actúa en nome e representación de ACADAR, en virtude da súa condición de Presidenta e representante legal segundo o artigo 34 dos seus Estatutos, e nomeada como tal segundo se reflicte na Acta da Asemblea Extraordinaria do 29 de xuño de 2018.

Todas as partes recoñécense a súa capacidade para obrigarse e acordar e,

**EXPOÑEN**

**Primeiro**

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril), e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro.



## Segundo

Que a Consellería de Emprego e Igualdade a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

## Terceiro

Que a Disposición Adicional Segunda da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, establece que o Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e administracións públicas con competencia no ámbito da violencia de xénero, que sirvan de canle de actuación e colaboración para conseguir unha atención integral e coordinada dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero.

## Cuarto

A Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR), constitúese como unha entidade asociativa, sen ánimo de lucro, gozando de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cun ámbito territorial que comprende a Comunidade Autónoma Galega coa finalidade de ofertas servizos, dirixir actividades e reivindicar dereitos para todas as mulleres con discapacidade independentemente do lugar onde residan, tendo en conta sobre todo, as necesidades específicas das mulleres residentes no rural, das mulleres con discapacidade máis severa e/ou as que concorren circunstancias en risco ou exclusión social.

É membro da Confederación Estatal de Mulleres con Discapacidade (CEMUDIS) e do Consello Galego das Mulleres, desenvolvendo a Vicepresidencia Segunda. Tamén forma parte da Federación provincial de A CORUÑA da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI CORUÑA), da Federación de Asociación de COGAMI Lugo, Federación de COGAMI Pontevedra, Federación DISCAFIS-COGAMI



Ourense e Asociación de desenvolvemento Galicia Suroeste EURURAL.

### **Quinto**

Que a violencia que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres supón un serio atentado contra a dignidade e a integridade física, psíquica e moral destas e, en consecuencia, unha grave e intolerable violación dos dereitos humanos. A súa prevención e erradicación compete aos poderes públicos, que teñen a obriga de articular medidas de sensibilización, asesoramento, atención e protección ás mulleres que a sofren, procurando os medios efectivos e axeitados a cada caso e as alternativas para o exercicio dos seus dereitos como cidadás nun estado democrático.

Tendo en conta que as necesidades específicas das nenas e mulleres con discapacidade non están suficientemente cubertas, é preciso articular as ferramentas axeitadas para a defensa dos dereitos das mulleres con discapacidade, de cara a súa plena integración e participación en todos os ámbitos da sociedade.

A Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, estima de interese público establecer unha liña de traballo conxunto, e propónse a colaboración coa a Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR), para canalizar o dito interese.

Por todo o indicado, as dúas partes acordan formalizar o presente Convenio de Colaboración, que se rexerá conforme ao disposto nas seguintes:

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO E FINALIDADE.**

O obxecto deste Convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e a Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR), para manter e fortalecer o funcionamento do Servizo DEDALEIRA: servizo especializado de información e asesoramento afectivo-sexual, destinado ás persoas con discapacidade, no que se inclúe asesoramento individualizado, accións de formación grupal, e o acompañamento e a atención a persoas que viviron ou están a



vivir situacións de abusos; de atención e promoción da autonomía afectivo-sexual para as persoas con discapacidade e a súa contorna (familiares, amizades, profesionais, institucións...), que inclúe unha unidade específica de detección e identificación de situacións contra a liberdade e a indemnidade sexual: QUERELAR.

Dentro desta unidade tamén se contempla o asesoramento xurídico que as persoas con discapacidade ou da súa contorna poidan precisar, xa que se percibe unha alta demanda en materia de asesoramento legal, pois as mulleres e nenas con discapacidade se atopan cun maior descoñecemento e desprotección.

O carácter singular do presente Convenio ven determinado por razóns de interese público, e cómpre sinalar que, segundo un estudo realizado a nivel mundial polas Nacións Unidas e publicado no ano 2010, o 80% das mulleres con discapacidade viven violencia e o risco dunha situación de abusos sexuais é catro veces maior que o da poboación xeral, o que fai evidente o interese social e humanitario de calquera acción que se dirixa a previr e detectar estes casos e a apoiar ás súas vítimas, e leva á Consellería de Emprego e Igualdade a establecer a presente colaboración.

## **SEGUNDA. - OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E ACTIVIDADES.**

### **Obxectivo específico 1:** Mantemento do servizo de Dedaleira.

Actividades previstas:

- Mantemento e ampliación dun equipo de traballo especializado.
- Revisión e mellora dos protocolos de actuación.
- Divulgación do servizo.
- Prestación do servizo a través da orientación, información e asesoramento de forma presencial, telefónica e on-line, no que se dea información accesible e adaptada, aténdanse demandas específicas, búsquense solucións a dificultades concretas e do desenvolvemento de intervencións individualizadas e adaptadas ao perfil e ás necesidades de apoio de cada persoa, así como da prestación de apoio psicosocial.

**Obxectivo específico 2:** Manter a unidade de prevención, detección e intervención en situacións contra as liberdades e indemnidade sexual (Unidade Querelar)

Actividades previstas:



- Valoración dos casos e asesoramento para a toma de decisións
- Atención psicolóxica individual e grupal.
- Asesoramento legal.
- Asesoramento/Intermediación cos axentes xudiciais para axustes de procedementos

**Obxectivo específico 3:** Desenvolvemento de formación específica e profesional dirixida a persoas con discapacidade, a súa contorna afectiva, equipos profesionais que traballa no ámbito da discapacidade, centros educativos de educación especial e/ou axentes xudiciais.

Actividades previstas:

- Deseño, execución e avaliación de actividades formativas sobre educación afectivo-sexual, prevención, detección e intervención ante/de situacións violencia e/ou abuso.
- Deseño, execución e avaliación de actividades formativas ante necesidades/situacións específicas.

**Obxectivo específico 4:** Manter a unidade de abordaxe e intervención ante situación e/ou relación de desigualdade (Unidade Co-Respecto).

Actividades previstas:

- Deseño, execución e avaliación de actividades formativas sobre educación afectivo-sexual, novas formas de relacionarse e solución de conflitos.
- Deseño, execución e avaliación de actividades formativas sobre sensibilización e prevención de situacións de violencia e/ou abuso.
- Deseño, execución e avaliación de actividades formativas ante necesidades/situacións específicas.

**Obxectivo específico 5:** Mantemento da web específica do servizo

**Obxectivo específico 6:** Avaliación do servizos

Actividades previstas:

- Avaliación continua ao longo da prestación do servizo a través dos indicadores dos



resultados

- Avaliación anual do servizo a través dos seguintes indicadores: % dos resultados do proxecto cumpridos, grao medio de satisfacción das persoas involucradas.

### TERCEIRA.-COMPROMISOS DAS PARTES.

A Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría xeral da Igualdade comprométese a:

a) abonar Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR) a compensación polos gastos correntes en que incorrese, por un máximo de 50.000 €, nos termos e coas condicións establecidas no presente convenio.

b) a facilitar material informativo e de e de sensibilización a prol da eliminación da violencia de xénero á Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR), para a súa distribución nas accións formativas, así como a poñer a disposición da Asociación contidos formativos sobre violencia de xénero a incluír no seu programa de formación, de xeito que permita ás e a aos profesionais ampliar os seus coñecementos ao respecto

A Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR), comprométese a prestar o Servizo DEDALEIRA nas condicións establecidas no presente convenio, realizando as actividades relacionadas nas cláusulas primeira e segunda deste convenio, e facilitando os recursos humanos e materias precisos para acadar os obxectivos previstos no presente convenio de colaboración.

### CUARTA.- ORZAMENTO.

Para sufragar os gastos derivados do presente convenio, a Secretaría Xeral da Igualdade aboará á Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR) a cantidade de **50.000 € (cincuenta mil euros)** con cargo á aplicación orzamentaria 11.02.313D.481.0 (código de proxecto 2012 00931) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, para os gastos de persoal e gastos correntes efectivamente realizados no exercicio 2021 derivados da realización das accións previstas, co seguinte desglose:

- Gastos de persoal: 32.405,66€
- Outros gastos correntes: 17.594,34 €



O financiamento deste Convenio enmárcase nos fondos da Conferencia Sectorial de Igualdade, correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **QUINTA.-DURACIÓN.**

O presente Convenio producirá efectos a partir da súa sinatura e ata o 31 de xaneiro de 2022.

#### **SEXTA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL.**

A subscrición do presente Convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, dependentes da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR), e a Consellería de Emprego e Igualdade de tal xeito que, por este concepto non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

#### **SÉTIMA.-CAUSAS DE EXTINCIÓN.**

Será causa de extinción deste Convenio

- a) O incumprimento inxustificado, total ou parcial, dos compromisos establecidos.
- b) O mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da finalización do Convenio
- c) A desaparición das causas que motivaron a sinatura do Convenio.

#### **OITAVA. CAPACIDADE.**

Previamente á formalización do presente convenio, a Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR), presentou ante a Consellería de Emprego e Igualdade a declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións e que poidan impedir a subscrición do presente convenio.



## NOVENA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, mediante a presentación da seguinte documentación:

- **Memoria de actuación**, subscriba polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, número de persoas usuarias ata a data, e dos resultados obtidos. A memoria irá acompañada dun exemplar de todos os materiais elaborados ao abeiro do convenio, nos que deben figurar os logos da Secretaría Xeral da Igualdade e do Ministerio de Igualdade. Como anexo a dita memoria deben achegar unha ficha cuantitativa segundo o modelo facilitado pola Secretaría Xeral da Igualdade.
- **Certificación** expedida polo órgano competente da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR), dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e, de ser o caso datas de pagamento.
- **Orixinais das facturas** ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que conleven **ingresos a conta do IRPF** ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflecta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos



prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.

- **Declaración responsable** de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- **Declaración responsable** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

As actividades contempladas para o mantemento do servizo abarcan de xaneiro a decembro de 2021.

**A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 15 de decembro de 2021, e deberá presentarse na Secretaría Xeral da Igualdade con data límite do 17 de decembro de 2021.**

Á vista desta documentación a Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero, como órgano competente da Secretaría Xeral da Igualdade Consellería de Emprego e Igualdade, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

Se o importe xustificado fose menor ao previsto na cláusula cuarta deste convenio e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación.

A Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.



## **DÉCIMA.- PAGAMENTOS A CONTA.**

Poderanse realizar pagamentos a conta por un importe de ata o 80% do importe da subvención conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo da execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para proceder ao seu pagamento, a entidade deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula cuarta, agás a memoria de actuación.

De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 62.3 e 67 do mesmo corpo legal, quedan exonerados da constitución de garantías os beneficiarios e as beneficiarias de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, transferencias correntes, destinados a familias e institucións sen fins de lucro.

## **DÉCIMO PRIMEIRA.- COMUNICACIÓNS E MEMORIA FINAL .**

Co obxecto de lograr a máxima eficacia no desenvolvemento das accións establecidas neste convenio, a Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR), deberá remitirlle á Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade antes do 31 de xaneiro de 2022:

a) unha memoria final de actuación na que se recollerán, todos as actuacións desenvolvidas, co desglose que se relaciona na cláusula segunda deste convenio e respecto ás accións desenvolvidas, con indicación de:

- N° total de accións, especificando para cada unha delas:
  1. Tipoloxía e descrición da actividade
  2. N° de participantes
  3. Localidades e provincias onde se desenvolveu cada acción
  4. Calquera outra circunstancia/s que se considere necesaria para asegurar a eficacia e coordinación na realización das accións



As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas demais disposicións vixentes sobre a materia.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- OBRIGAS.**

a) No desenvolvemento das actuacións sinaladas neste convenio a Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR), non percibirá ningunha remuneración por parte das persoas usuarias das accións, e deberá facer constar en toda a publicidade ou presentación pública que se realice a colaboración técnica e financeira que presta a Secretaría Xeral da Igualdade, utilizando correctamente a identificación da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade, así como do Ministerio de Igualdade, e a denominación do programa.

b) A Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR) deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

c) A Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR) comprométese a empregar a lingua galega en todas as actuacións derivadas do presente convenio, incluído o servizo telefónico de atención, se fora o caso, e a información en páxinas web.

d) A Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR) queda obrigada a realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Secretaría Xeral da Igualdade e facer constar expresamente en toda a publicidade ou presentación pública que se realice que as axudas están a ser financiadas con fondos do Ministerio de Igualdade e da Xunta de Galicia.

e) A Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR), deberá cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e



tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.

f) A Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR) presentaralle á Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade ao remate da vixencia do convenio, os datos relativos ás persoas participantes nas accións desenvolvidas segundo o modelo facilitado pola Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade.

g) A Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR) subministrarlle á Secretaría Xeral da Igualdade, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Consellería de Emprego e Igualdade, das obrigas previstas no Título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, se é o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- COMPATIBILIDADE.**

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

#### **DÉCIMO CUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS.**

En cumprimento dos artigos 29 e 30 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consejo de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas en canto ao tratamento de datos persoais e a la libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de protección de datos), a Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR), en calidade de encargada do tratamento, realizará actividades de tratamento por conta da Consellería de Emprego e Igualdade (Secretaría Xeral da Igualdade) en calidade de Responsable do tratamento, respecto aos datos de carácter persoal necesarios para a execución do presente convenio.

Así mesmo adaptarán as súas actuacións ao previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como



nas demais disposicións vixentes sobre a materia.

O tratamento de datos consistirá nas actividades necesarias para xestionar o presente convenio

#### **DÉCIMO QUINTA.- PUBLICIDADE.**

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da dita subscrición cos seguintes datos básicos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da/o beneficiaria/o a favor da Administración concedente, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

#### **DÉCIMO SEXTA.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN.**

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro total ou parcial, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.



De acordo co artigo 14.1 n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- o incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestimento pola outra parte, procederase á súa inmediata disolución. Concorridos tales supostos reintegrárase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos mais perentorios que esta dispuxese.

#### **DÉCIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO.**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.



## **DÉCIMO OITAVA.- RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO.**

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e subsidiariamente, e para o caso de plantexarse dúbidas ou lagoas, polos principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro que a desenvolve.

En todo caso, o Convenio no se atopa comprendido en ningún dos contratos regulados pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Consellería de Emprego e Igualdade, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

## **DÉCIMO NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.**

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada:

- Pola Consellería de Emprego e Igualdade: A Secretaria xeral da Igualdade, que poderá dispor que a substitúa algún/ha funcionario/a deses departamentos.
- pola a Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR) a súa Presidenta ou persoa que esta dispoña para que a substitúa.

A actuación da Comisión de seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei



16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, asínase o mesmo na data da sinatura dixital.

A CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE

A PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN DE  
MULLERES CON DISCAPACIDADE DE  
GALICIA (ACADAR)

María Jesús Lorenzana Somoza

Mónica Álvarez San Primitivo

